



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 8

Investimentos no desenvolvemento de zonas forestais e mellora da viabilidade dos bosques

Submedida 8.6

Axuda para os investimentos en tecnoloxías forestais e na transformación, mobilización e comercialización de produtos forestais



Índice

<u>1. Medida 8. Investimentos no desenvolvemento de zonas forestais e mellora da viabilidade dos bosques</u>	2
<u>1.1. Submedida 8.6 Axuda para os investimentos en tecnoloxías forestais e na transformación, mobilización e comercialización de produtos forestais</u>	2
<u>1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?</u>	3
<u>1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?</u>	5
<u>1.1.3. Como se outorga a axuda?</u>	6
<u>1.1.4. Que tipo de gastos se financian?</u>	6
<u>1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?</u>	7
<u>1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?</u>	8
<u>1.1.7. A canto ascende esta axuda?</u>	8
<u>1.1.8. Quen xestiona esta axuda?</u>	8
<u>1.1.9. Marco normativo</u>	8
<u>1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados</u>	9

1. Medida 8. Investimentos no desenvolvemento de zonas forestais e mellora da viabilidade dos bosques

Aínda que os incendios son unha das maiores ameazas dos bosques galegos, para o que hai que traballar intensamente na súa prevención, existen outros factores que tamén afectan as masas forestais como son as pragas, enfermidades e o incremento de fenómenos meteorolóxicos danifios.

Incidir nestes factores, así como no fomento das empresas asociadas ao medio forestal, é o obxectivo desta medida do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020. Destaca ademais, a contribución da conservación das masas forestais á mitigación e adaptación ao cambio climático, loita contra a desertización e a conservación da biodiversidade.

Para lograr este obxectivo, articúlanse seis submedidas:

- ✓ Submedida 8.1 Axuda para a reforestación/creación de superficies forestais
- ✓ Submedida 8.2 Axuda para o establecemento e mantemento de sistemas agroforestais
- ✓ Submedida 8.3 Axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes
- ✓ Submedida 8.4 Axuda para a reparación dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes
- ✓ Submedida 8.5 Axuda para investimentos para incrementar a capacidade de adaptación e o valor ambiental dos ecosistemas forestais
- ✓ Submedida 8.6 Axuda para os investimentos en tecnoloxías forestais e na transformación, mobilización e comercialización de produtos forestais

1.1. Submedida 8.6 Axuda para os investimentos en tecnoloxías forestais e na transformación, mobilización e comercialización de produtos forestais

A axuda irá destinada a investimentos para a mellora do potencial forestal, así como á transformación, mobilización e comercialización dos produtos forestais para aumentar o seu valor. Poderán realizarse tamén investimentos en prácticas forestais sustentables.

1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

No marco desta submedida inclúense diferentes tipos de investimentos:

Investimentos destinadas a incrementar o valor económico dos bosques

- ✓ As operacións relacionadas coa mellora do valor económico dos bosques incluírán tratamentos silvícolas produtivos (clareos e podas temperás), investimentos en pequenos viveiros a pé de monte, así como reforestacións que impliquen o emprego de especies ou variedades melloradas xeneticamente que substitúan ás inadecuadas, pero exclúese a simple repoboación ou rexeneración co mesmo tipo de bosque despois da talla final.
- ✓ Os investimentos destinados ao incremento do valor económico dos bosques xustificaranse en relación coas melloras forestais previstas nunha ou varias explotacións e poderán incluír investimentos en maquinaria e prácticas de explotación forestal respectuosas co solo e os recursos.

De acordo co artigo 77 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, calquera terreo forestal, con independencia da súa superficie, debe dotarse dun instrumento de ordenación ou xestión forestal ou dun instrumento equivalente. As superficies de menor tamaño deben dotarse de figuras como os documentos compartidos de xestión ou a adhesión a modelos silvícolas ou de xestión forestal e a referentes de boas prácticas forestais

Polo tanto, calquera propiedade, con independencia da súa superficie, deberá contar cun instrumento de ordenación ou xestión ou dun instrumento equivalente como condición necesaria para recibir axudas.

Este requisito entrará en vigor no prazo que se establece na disposición transitoria 6ª da Lei 7/2012 de montes de Galicia (é dicir, o 08/08/2020). Ata entón, o limiar para partir do cal é necesario ter un instrumento de ordenación establecerase en 25 ha en coto redondo, que é o límite para partir do cal, segundo o artigo 77 de Lei 7/2012, o monte debe dotarse dun instrumento de ordenación. Para superficies menores priorizaranse as actuacións en todos aqueles montes que dispoñan deste tipo de instrumentos no momento de execución das devanditas actuacións.

Os instrumentos equivalentes máis sinxelos, como os documentos de adhesión a modelos silvícolas ou de xestión forestal e a referentes de boas prácticas forestais, serán válidos para calquera superficie unicamente durante o prazo transitorio establecido na disposición transitoria segunda do Decreto 52/2014, para proporcionar un prazo de elaboración e aprobación dos instrumentos máis complexos. Os investimentos destinados a incrementar o valor económico dos bosques deberán preverse nos devanditos instrumentos de planificación.

Investimentos en tecnoloxías forestais, procesado, mobilización e comercialización de produtos forestais



- ✓ Transformación e comercialización de madeira e outros produtos forestais.
- ✓ Investimentos en maquinaria forestal para explotacións forestais
- ✓ Investimentos de apoio á constitución e posta en marcha de asociacións e sociedades de xestión forestal cuxos fins sexan realizar actividades de comercialización e/ou xestión forestal en común.
- ✓ Investimentos para fins enerxéticos e outros produtos secundarios (mel, cogomelos, castañas,...) a pequena escala. Os investimentos na produción de enerxía poden ser subvencionadas a través da medida 7 con certas condicións, pero esta submedida inclúe axudas ao procesado da biomasa forestal para producir enerxía (achado, almacenamento, clasificación, caracterización, secado e acondicionado da biomasa forestal). Estas axudas ao procesado da biomasa forestal estarán supeditadas ao cumprimento da normativa comunitaria en materia de emisións.
- ✓ Os investimentos en produtos forestais secundarios só poden ser subvencionables en virtude desta medida se os devanditos produtos teñen a súa orixe e se recollen no bosque. Os investimentos realizados por PEMES ou asociacións de recolectores, produtores e de comercialización considéranse de pequena escala a estes efectos.

Investimentos en prácticas forestais sostibles

- ✓ Elaboración ou adaptación á lexislación de plans de xestión forestal ou instrumentos equivalentes e implantación da cadea de custodia, excluindo os custos administrativos directos dos sistemas de certificación forestal.

Tal e como se sinala no Marco nacional, poderán ser obxecto de apoio investimentos relacionados coa utilización da madeira como materia prima ou fonte de enerxía que se correspondan cun primeiro tratamento da mesma, previo ás transformacións industriais que dean lugar a produtos finais elaborados e sempre que se realicen a pequena escala, entendida esta a través do tamaño da empresa, que deberá ter consideración de PEME. Os investimentos en equipos e instalacións móbiles de procesado da madeira, deseñadas para ser desprazadas ás inmediacións da área de curta, poderán ser obxecto de apoio en todo caso, xa que o seu emprego considérase no proceso de aproveitamento madeireiro e non no de transformación.

A finalidade desta submedida é financiar investimentos en empresas de aproveitamentos forestais e primeira transformación de produtos forestais.

Ningún dos procesos, os aproveitamentos e a primeira transformación, pódese considerar transformación industrial; no primeiro caso só se trata da talla e saca dos produtos do monte, e no segundo trátase dunha primeira transformación que non se pode considerar industrial, sendo o primeiro proceso de elaboración de táboa a partir dos troncos. Trátase de táboa bruta, sen cepillar.



Polo tanto, entenderanse como operacións dirixidas aos aproveitamentos forestais e a súa primeira transformación industrial todas aquelas actividades próximas á explotación forestal, que non supoñen unha cadea de cambios, que non implican a utilización de colas, aditivos ou outras substancias químicas que supoñan a alteración das características químicas da madeira e que non dean lugar a un produto máis elaborado que a propia madeira. A partir desta primeira transformación pasaríase a unha segunda transformación da táboa para dar lugar a un produto máis elaborado non subvencionable coa submedida 8.6 do PDR de Galicia.

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

Poderán ser beneficiarios desta axuda:

- ✓ As microempresas os PEMES, tal e como se define na Recomendación 2003/361/CE:
 - Enténdese por mediana empresa a que ocupa a menos de 250 persoas e cuxo volume de negocios anual non excede de 50 millóns de euros o cuxo balance xeral anual non excede de 43 millóns de euros
 - Enténdese por pequena empresa a que ocupa a menos de 50 persoas e o seu volume de negocios anual, ou balance xeral anual, non supera os 10 millóns de euros
 - Enténdese por microempresa a que ocupa a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual, ou cuxo balance xeral anual, non supera os 2 millóns de euros
- ✓ Os titulares de terreos forestais privados, entendendo por titular tanto a propietarios como a arrendatarios ou xestores
- ✓ Agrupacións de propietarios formalmente constituídas ao amparo do establecido na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e inscritas no Rexistro de Asociacións da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de Galicia
- ✓ Os constituíntes de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo (tamén chamadas montes de socios)
- ✓ As sociedades de fomento forestal (SOFOR) definidas no Decreto 45/2011, do 10 de marzo, polo que se regula o fomento das agrupacións de propietarios forestais, os requisitos e cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro
- ✓ As mancomunidades e comunidades de montes veciñais en man común
- ✓ Os concellos e as entidades locais menores titulares de montes



1.1.3. Como se outorga a axuda?

A axuda execútase como subvención a través de convocatorias en réxime de concorrencia competitiva.

No seu caso habilitarase a posibilidade do recurso de instrumentos financeiros e queda condicionada aos resultados da avaliación ex ante realizada segundo o artigo 30 do Regulamento (UE) 1303/2013, que demostre a existencia de deficiencias de mercado ou situacións de investimento subóptimas, estime o nivel das necesidades de investimento público e o seu alcance e estableza o tipo de instrumentos financeiros a aplicar.

1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

- ✓ **Investimentos na mellora do valor económico dos bosques (motiváranse en relación coas melloras previstas para os bosques nunha ou varias explotacións, e poden incluír os investimentos en maquinaria):**
 - Tratamentos silvícolas produtivos (rozas, aclareos e podas temperás)
 - Investimentos en pequenos viveiros a pé de monte
 - Reforestacións que impliquen o emprego de especies ou variedades melloradas xeneticamente que substitúan ás inadecuadas que demostren un incremento do valor económico do bosque, excluída a simple repoboación ou rexeneración co mesmo tipo de bosque despois da talla final
 - Elaboración ou adaptación á lexislación de plans de xestión forestal ou instrumentos equivalentes e implantación dos sistemas de xestión forestal sustentable en bosques produtivos, excluíndo os custos administrativos directos de emisión dos sistemas de certificación forestal
- ✓ **Investimentos en transformación, mobilización e comercialización de produtos forestais**
 - Investimentos para promover a valorización e comercialización de produtos derivados dos aproveitamentos forestais
 - Investimentos en maquinaria e equipos para o aproveitamento dos produtos forestais
 - Os custos relacionados coa mobilización da madeira fóra dos custos de mantemento e funcionamento. É subvencionable o transporte de madeira con maquinaria forestal especializada dentro dun bosque con exclusión das actividades de transporte estándar.
 - Os investimentos para a comercialización e transformación da madeira, incluíndo a talla, descortezado, cortado en anacos, almacenamento, tratamentos de protección e secado e outras operacións de traballo antes do serrado industrial nunha fábrica





de serrado (serrado móbil ou fixo a pequena escala, segundo a definición anterior, ou outras máquinas que poderían diversificar a produción), incluíndo a produción de material para a xeración de enerxía (produción a pequena escala de acha de madeira ou de pellets), xa sexa no bosque ou como unha actividade conectada ás operacións anteriores á transformación industrial .

- Tecnoloxías de viveiros forestais a pequena escala e os mecanismos para a produción de materiais forestais de reprodución.
- Posta en marcha de plans empresariais con criterios de xestión forestal sustentable, e axuda ás cadeas de custodia dos sistemas de certificación forestal.

Estableceranse custos de referencia máximos admisibles, en particular para os relativos aos investimentos en maquinarias e equipamentos de transformación de produtos forestais. Os custos simplificados ou custos estándar poderán aplicarse ás axudas a investimentos en aumento do valor económico dos bosques.

1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

Serán subvencionables as operacións dirixidas aos aproveitamentos forestais e a súa primeira transformación industrial próximas á explotación forestal, que non supoñen unha cadea de cambios, que non implican a utilización de colas, aditivos ou outras substancias químicas que supoñan a alteración das características químicas da madeira e que non dean lugar a un produto máis elaborado que a propia madeira.

A partir desta primeira transformación pasaríase a unha segunda transformación da táboa para dar lugar a un produto máis elaborado non subvencionable coa submedida 8.6 do PDR de Galicia.

A construción de camiños dentro do bosque ou que conducen ao bosque non é elixible baixo esta submedida.

Os procesos de comercialización ou transformación a grande escala (achado de madeira, produción de pellets, produción de planta forestal,...) consideraranse produción industrial e non serán subvencionables con esta submedida.

Corresponde aos Estados membros definir, as condicións e límites específicos para as operacións de "mellorar o valor económico dos bosques", que debe ser o principio reitor para avaliar se unha acción poderá ser elixida ou non. Co fin de avaliar o valor económico máis favorable logrado dos bosques, esixírase aos beneficiarios proporcionar información apropiada do valor esperado da súa superficie forestal, tanto antes como despois do investimento admitido. A autoridade de xestión deberá ser requirida para validar estes valores.

Os investimentos en materiais non duradeiros, tales como equipos de protección persoal, roupa para os traballadores forestais non son elixibles.



A transformación industrial definida como a que proporciona produtos finais, envases e embalaxes, de mobles, carpinterías, non será subvencionable.

Non poderán ser beneficiarias as empresas forestais que non estean inscritas no Rexistro de Empresas do sector Forestal (RESFOR), de acordo co artigo 102 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Para as axudas destinadas á redacción de instrumentos de ordenación ou xestión forestal, non se esixirá que dispoñan previamente dun deles.

1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

Aplicaranse os criterios de selección de maneira obrigatoria (mesmo nos casos en que o orzamento da convocatoria sexa superior á demanda de financiamento) con anterioridade ao comezo do proceso de solicitude para garantir a igualdade de trato de todos os solicitantes. Asignarase a cada criterio unha puntuación e a puntuación total será a suma de puntos de todos os criterios. En todo caso darase prioridade aos investimentos en proxectos innovadores e no marco de iniciativas de cooperación e desenvolvemento local.

Teranse en conta criterios de prioridade tales como:

- ✓ Actuacións en zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas
- ✓ Promoción da estabilidade laboral
- ✓ Fomento do emprendemento e integración laboral de mulleres e mozos
- ✓ Cadea de custodia certificada
- ✓ Os establecidos no artigo 121 da Lei 7/2012

1.1.7. A canto ascende esta axuda?

A axuda poderá financiar o 40 % dos investimentos subvencionable cunha participación Feader do 75%.

1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Axencia Galega da Industria Forestal (XERA), adscrita á Consellería de Economía, Empleo e Industria.

1.1.9. Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns ao FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, FEADER e FEMP



- ✓ Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento (UE) N° 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do TFUE ás axudas de minimis
- ✓ Regulamento (UE) N° 702/2014, da Comisión, do 25 de xuño 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior
- ✓ Regulamento delegado (UE) N° 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias
- ✓ Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común de Galicia e lexislación de desenvolvemento
- ✓ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia
- ✓ Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras de Galicia e lexislación de desenvolvemento
- ✓ Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e lexislación de desenvolvemento
- ✓ Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico

1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Información sobre o sector forestal (Consellería do Medio Rural)
<http://mediorural.xunta.gal/areas/forestal/presentacion/>
- ✓ Plan Forestal Español 2002-2032 (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)
http://www.mapama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/planificacion-forestal/politica-forestal-en-espana/pfe_plan_forestal_esp.aspx
- ✓ Plan de Activación Socioeconómica do sector forestal (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)
<http://www.mapama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/plan-pasfor/>
- ✓ Marco de Acción Prioritaria para a Rede Natura 2000 (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)
<http://www.mapama.gob.es/es/biodiversidad/temas/espacios-protegidos/red-natura->





[2000/rn_cons_marco_accion_prioritaria.aspx](#)

- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.7.3.6 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020

